

PROXECTO DO DECRETO xx/2019, do xx de xxxxxx de 2019, sobre vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia.

I

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece a obriga das Administracións públicas sanitarias de orientar as súas actuacións, prioritariamente, á promoción da saúde e á prevención das enfermidades. A citada lei prevé que as actividades e produtos que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde, sexan sometidos a control polas Administracións públicas. Unha destas actividades é o uso recreativo da auga, en concreto das augas de baño naturais.

A nivel autonómico, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, contempla dentro das prestacións sanitarias as de saúde pública, que comprenden o establecemento de estándares de produción e medidas de protección da saúde fronte a riscos ambientais, como os derivados do uso das augas de baño, entre outros.

Pola súa banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25, establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, en materia de de protección da salubridade pública, policía local e promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

A Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e pola que se derroga a Directiva 76/160/CEE ten por obxecto a conservación, protección e mellora da calidade do medio ambiente e a protección da saúde humana, en complemento á Directiva 2000/60/CE. A Directiva establece disposicións para o control e a clasificación da calidade das augas de baño, a xestión da calidade das augas de baño e a subministración de información ao público sobre a calidade das mesmas .

Dita directiva foi incorporada ao ordenamento xurídico español coa aprobación do Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño, actualizando o marco regulamentario nesta materia, incluíndo novidades de carácter científico e técnico entre as que cómpre salientar un novo sistema de cálculo da clasificación sanitaria das augas de baño e a creación dun censo de zonas de baño. Dito decreto é normativa de carácter básica, consonte ao disposto no artigo 149.1. da Constitución Española, regra 23.

De conformidade co disposto no artigo 33.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

Na actualidade, o Decreto 240/2000, do 13 de setembro, polo que se regula a declaración de zonas de baño habilitadas na Comunidade Autónoma de Galicia, establece un procedemento de declaración de zonas de baño habilitadas na Comunidade Autónoma de Galicia. Coa entrada en vigor do Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, deixou de ter efecto a habilitación anual das zonas de baño prevista no Decreto 240/2000, do 13 de setembro, polo que procede a derogación do mesmo.

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño que, no ámbito territorial autonómico, vén funcionando na nosa comunidade dende mediados da década dos oitenta.

II

O presente decreto establece como novidade principal a creación do Rexistro de augas de baño de Galicia, co fin de dispor da información básica das augas de baño e que sirva como instrumento para o exercicio das facultades de inspección e control que teñen atribuídas as autoridades sanitarias e de coordinación no exercicio das funcións administrativas de control, así como de difundir a información ao público sobre as augas de baño. No decreto regúlanse os procedementos de alta e baixa dos datos das augas de baño do rexistro.

Tendo en conta que o Real Decreto 1341/2007, de 1 de outubro, define pero non concreta o concepto de autoridade competente, o presente decreto establece cales son en Galicia as autoridades sanitarias autonómicas e locais a tal efecto e as competencias específicas de cada unha delas.

Por último, incorpórase á normativa autonómica a Decisión de execución da Comisión do 27 de maio de 2011 que establece, en virtude da Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, un símbolo para informar ao público da clasificación das augas de baño e de calquera prohibición ou recomendación que afecte a este, así como outros requisitos para garantir que o público reciba información suficiente e oportuna sobre a calidade das augas de baño e as medidas correctoras e preventivas a adoptar por parte dos concellos.

III

O presente decreto tramitouse de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sendo exposto a información pública no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia e sometido a audiencia dos grupos ou sectores con dereitos e intereses lexítimos na materia; asemade, foi sometido a informe económico-financeiro da consellería competente en materia de Facenda, informe sobre impacto de xénero, informe conxunto da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e Axencia para a Modernización Tecnolóxica, informe do Consello Reitor de Augas de Galicia e da Asesoría Xurídica Xeral.

A regulación que se contempla no presente decreto da resposta aos principios aos que deben adecuarse todas as iniciativas normativas. Cúmprese o principio de eficacia, por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha norma con rango de decreto, ben por afectar a materias que están reservadas a este tipo de norma, ben por requirir a modificación integrada e coordinada doutras normas.

Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que para acadar os obxectivos do decreto non se impoñen con carácter xeral novas obrigas ou cargas administrativas, senón que se realiza un esforzo de simplificación e integración da normativa vixente.

Préstase especial atención á efectividade dos principios de seguridade xurídica e transparencia, promovendo a máis ampla participación da cidadanía en xeral e, en particular, dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, tanto na elaboración do propio decreto como dos instrumentos de ordenación previstos no mesmo.

Finalmente, en virtude do principio de eficiencia e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e normativa aplicable, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados coas mesmas.

Por outra banda, dáse tamén cumprimento aos principios de transparencia e accesibilidade, que rexeron todo o procedemento de elaboración e tramitación do Decreto, promovendo a máis ampla participación pública.

O decreto componse de 27 artigos, divididos en seis capítulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I de disposicións xerais recolle o obxecto do decreto e o ámbito de aplicación.

No capítulo II créase o Rexistro de augas de baño de Galicia e establécese o procedemento para as altas e baixas dos datos inscritos no mesmo, sendo a tramitación exclusivamente por medios telemáticos.

O capítulo III sinala as autoridades sanitarias e o listado das competencias correspondentes ás mesmas.

No capítulo IV, referido ao control da calidade sanitaria das augas de baño, establécese os contidos do Programa de vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia, a duración da tempada de baño oficial e o calendario de control, os laboratorios acreditados para a realización de análise das mostras de auga, así como os criterios para a cualificación como aptas da calidade das augas de baño, as recomendacións e prohibicións nos casos de que a calidade da auga resulte insuficiente e a avaliación da calidade e clasificación anual das augas

de baño.

O capítulo V regula a información ao público e o capítulo VI regula o procedemento sancionador de aplicación.

Tamén forman parte integrante da disposición normativa un total de cinco anexos.

O anexo I contén o modelo de solicitude de alta no Rexistro de augas de baño de Galicia.

O anexo II contén o modelo de solicitude de baixa no Rexistro de augas de baño de Galicia.

O anexo III recolle os símbolos e información ao público sobre a clasificación sanitaria das zonas de augas de baño.

O anexo IV recolle os símbolos e información ao público sobre a prohibición do baño ou recomendación de non bañarse pola contaminación das augas de baño.

O anexo V recolle a información ao público sobre prohibición ou recomendación de abstención do baño pola proliferación de cianobacterias nas augas de baño.

Na súa virtude, en exercicio das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da persoa titular da Consellería de Sanidade, (de acordo co / oído o) Consello Consultivo, previa deliberación do Consello da Xunta, na súa reunión do día X de X de dous mil dezanove,

DISPOÑO

CAPÍTULO I **Disposicións xerais**

Artigo 1. *Obxecto*

O presente decreto ten por obxecto:

- a) A creación e regulación do Rexistro de augas de baño de Galicia, a través da inscrición dos puntos de mostraxe das mesmas.
- b) O establecemento do procedemento para altas e baixas do citado rexistro(códigos do procedemento XXXXXX e XXXXXX, respectivamente).

c) O desenvolvemento e adaptación dos criterios sanitarios que deben cumprir as augas de baño que teñan a súa localización na Comunidade autónoma de Galicia, co fin de protexer a saúde humana dos efectos adversos derivados de calquera tipo de contaminación.

d) O establecemento das medidas de vixilancia da calidade sanitaria das augas de baño.

e) O establecemento das competencias e responsabilidades das autoridades sanitarias autonómicas e locais.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Este decreto aplicarase ás augas de baño e as súas praias que estean localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. Definicións

Aos efectos deste decreto entenderase por :

1. Augas de baño: De acordo co disposto no artigo 3 do Real Decreto 1341/2007, de 11 de outubro, enténdese por augas de baño calquera elemento de augas superficiais onde se prevea que poidan bañarse un número importante de persoas ou exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño e no que non exista una prohibición permanente de baño nin se teña formulado unha recomendación permanente de absterse do mesmo e onde non exista perigo obxectivo para o público.

2. Calendario de control: datas nas que, ao longo da tempada de baño, se realizará a toma de mostras en cada un dos puntos de mostraxe das augas de baño incluídas na Sección I e II do Rexistro de augas de baño de Galicia.

3. CEI (Código da Entidade Inspeccionable): código numérico que identifica a cada punto de mostraxe.

4. Augas de baño con características especiais: aquelas augas de baño continentais nas que a tempada de baño pode verse reducida debido ao pouco caudal existente en función das condicións meteorolóxicas, ou aquelas piscinas fluviais ou similares que poden estar en funcionamento durante períodos de tempo inferiores á tempada de baño oficial.

5. Punto de mostraxe EUROSTAT: código único que xera o Sistema de Información Nacional de Augas de Baño para cada punto de mostraxe.

6. Zona EUROSTAT: código único que xera o Sistema de Información Nacional de Augas de Baño para cada zona de augas de baño.

CAPÍTULO II

Rexistro de augas de baño de Galicia

Artigo 4. Rexistro de augas de baño de Galicia

1. Créase o Rexistro de augas de baño de Galicia.
2. Dito rexistro, que ten natureza administrativa, quedará adscrito ao órgano directivo con competencia en materia de saúde pública da consellería competente en materia de sanidade.
3. Os datos do rexistro terán carácter público e poderán consultarse na páxina web da consellería competente en materia de sanidade.

Artigo 5. Finalidade do rexistro

O Rexistro de augas de baño de Galicia ten os seguintes fins:

- a) Dispor da información básica das augas de baño.
- b) Servir como instrumento para o exercicio das facultades de inspección e control que teñen atribuídas as autoridades sanitarias e de coordinación no exercicio das funcións administrativas de control.
- c) Difundir a información ao público sobre a calidade das augas de baño de Galicia.

Artigo 6. Organización do rexistro

O Rexistro de augas de baño de Galicia estrutúrase nas seccións seguintes:

- a) Sección I: sección de augas de baño incluídas no Censo de Zonas de Augas de Baño elaborado conforme ao disposto no artigo 4 do Real Decreto 1341/2007, do 11 de outubro.
- b) Sección II: sección de augas de baño en avaliación. Inclúense nesta sección aquelas augas de baño que serán sometidas a avaliación segundo os criterios do Programa de vixilancia sanitaria con carácter previo á súa inclusión na Sección I do rexistro.
- c) Sección III: sección de augas con prohibición permanente do baño. Inclúense nesta sección aquelas augas de baño procedentes das seccións I ou II do rexistro nas que existe prohibición permanente do baño.

Artigo 7. Datos do rexistro

1. Serán obxecto de inscrición no rexistro os seguintes datos das augas de baño:
 - a) Denominación dos puntos de mostraxe da auga de baño con indicación do concello e provincia na que se localizan, tipo de auga de baño (marítima ou continental, no seu caso dos ríos ou encoros e nome destes), xeorreferenciación da auga de baño (punto esquerdo e dereito) e dos puntos de mostraxe. Ademais, no suposto das augas de baño inscritas na

Sección I do rexistro, inscribíranse os códigos relativos á zona EUROSTAT e punto de mostraxe EUROSTAT.

b) Clasificación da calidade das augas de baño segundo o establecido no Real Decreto 1341/2007, do 11 de outubro.

c) Resultados dos controis efectuados na auga de baño desde a súa alta en dito rexistro.

2. O órgano directivo con competencia en materia de saúde pública da consellería competente en materia de sanidade poderá rectificar de oficio os erros ou inexactitudes detectadas nos datos do rexistro a través dos controis oficiais levados a cabo.

Artigo 8 . Número de asento da inscrición

No momento da inscrición asignaráselle a cada auga de baño un código alfanumérico coa seguinte estrutura AABCCCCCE e co seguinte significado:

a) AA: dúas letras maiúsculas correspondentes á provincia na que estea situada a auga de baño: A Coruña (CO), Lugo (LU), Ourense (OU) ou Pontevedra (PO).

b) B: unha letra maiúscula que identifica o tipo de auga: marítima (M) ou continental (C).

c) CCCCC: cinco díxitos correspondentes ao CEI do punto de mostraxe da auga de baño.

d) E: un díxito correspondente á sección do rexistro na que estea incluída a zona de augas de baño, de acordo ca seguinte lenda:

1º. (1): Sección de augas de baño incluídas no Censo de zonas Augas de Baño.

2º. (2): Sección de augas de baño en avaliación.

3º. (3): Sección de praias con prohibición permanente do baño.

Este último díxito será a única que pode variar ao longo do tempo en función da sección na que se encadre a auga de baño en cada momento. O resto do número de asento permanecerá invariable e identificará de forma inequívoca ó punto de mostraxe desa auga de baño.

Artigo 9. Procedemento de alta no rexistro.

1. Os concellos que desexen incluír no rexistro as augas de baño existentes na súa delimitación territorial deberán presentar unha solicitude de alta, segundo o formulario recollido no anexo I. Dita solicitude deberá ser presentada antes do 1 de febreiro de cada ano e deberá xuntar a documentación sinalada no artigo 13.

2. No caso de que a solicitude non reúna os requisitos esixidos, requirirase ao concello para que proceda á súa subsanación no prazo de 10 días, con indicación de que, se así non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. A xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de sanidade,

previa inspección das condicións da auga de baño, realizará un informe no que se pronunciará sobre a súa inscrición no Rexistro de augas de baño e propondrá, de ser o caso, o punto ou os puntos de mostraxe máis representativos da zona de baño indicando as súas coordenadas.

4. A xefatura territorial enviará ao órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade o informe xunto coa copia da solicitude e a documentación achegada polo concello.

5. O órgano directivo con competencia en materia de saúde pública da consellería competente en materia de sanidade solicitará informe previo ao órgano ambiental competente.

6. Á vista dos informes previstos nos números 2 e 3, o órgano directivo con competencia en materia de saúde pública da consellería competente en materia de sanidade deberá resolver, podendo:

a) Acordar a inscrición da auga de baño na Sección II do rexistro. Dita inscrición levaría aparellada a inclusión dos puntos de mostraxe da auga de baño no Programa de vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia e o inicio dos controis analíticos de acordo co calendario de control que se estableza.

b) Denegar a solicitude de alta no rexistro por incorrer nalgún dos supostos do artigo 9 do Real Decreto 1341/2007, de 11 de outubro .

Dita resolución deberá ser notificada ao concello e á xefatura territorial da Consellería competente en materia de sanidade correspondente.

7. A xefatura territorial da consellería competente en materia de sanidade poderá instar ao concello correspondente a que realice a solicitude para a inscrición dunha auga de baño no rexistro de augas de baño de Galicia cando se detecte que esta cumpre coa definición de auga de baño e non estea incluída no rexistro. O concello, no seu caso, deberá motivar a resolución de non solicitar a alta da auga de baño á que se lle instou por parte da autoridade sanitaria autonómica.

Artigo 10. Procedemento de baixa no rexistro galego dunha auga de baño

1. Os concellos que consideren que algunha auga de baño das inscritas na seccións I ou II do rexistro galego incorre nalgún dos supostos previstos no artigo 4.7 do Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, deberán solicitar a súa baixa antes do 1 de febreiro á xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de sanidade, presentando o formulario recollido no anexo II acompañado da documentación complementaria indicada no artigo 14.2.

2. O órgano directivo con competencia en materia de saúde pública, previo informe da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de sanidade,

procederá á valoración da solicitude e, se procede, a inscribir súa baixa na sección correspondente do rexistro galego.

3. As augas de baño que causen baixa na Sección I ou II do rexistro pasarán a formar parte da Sección III, correspondente ás augas con prohibición permanente de baño.

4. A baixa dunha auga de baño da Sección I ou II do rexistro realizarase por resolución do órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería con competencia en materia de sanidade, e deberá ser debidamente motivada e notificada ao concello afectado.

5. Causarán baixa de oficio na Sección I do rexistro as augas de baño que obteñan unha clasificación sanitaria insuficiente durante cinco anos consecutivos. A obtención destes resultados leva implícita a prohibición permanente de baño. A xefatura territorial da consellería competente en materia de sanidade correspondente informará aos concellos desta situación antes do inicio da seguinte tempada tras ditarse a prohibición permanente de baño.

6. Non obstante, causarán tamén baixa da Sección I do rexistro as augas de baño sobre as que se dite unha prohibición permanente do baño ou recomendación de absterse deste ao remate do segundo ano con calidade «insuficiente», cando se considere que as medidas necesarias para acadar a calidade «suficiente» son inviables ou desproporcionadamente custosas.

7. Causarán baixa de oficio na Sección II do rexistro de augas de baño aquelas augas de baño que, tras catro tempadas consecutivas, non acaden unha clasificación sanitaria de, como mínimo, “suficiente”. Ditas augas de baño serán inscritas de oficio na sección III do Rexistro.

8. A baixa dunha auga de baño da Sección I do rexistro galego implica a exclusión da mesma do Censo de zonas de augas de baño a que se refire o artigo 16.

Artigo 11. Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 12. Documentación complementaria necesaria para a tramitación dos procedementos

1. Os concellos deberán achegar coa solicitude de alta un plano de situación da auga de baño.

2. Os concellos deberán achegar coa solicitude de baixa a seguinte documentación:

a) Informe que explique e documente a/s causa/as que motivan a súa solicitude.

b) Probas gráficas, como fotografías ou outras, que apoien os motivos da solicitude de baixa.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

4. Para a tramitación dos procedementos regulados neste decreto consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos:

a) NIF da entidade solicitante.

b) DNI/NIE da persoa representante.

Artigo 13. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector

público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 15. Xestión do rexistro

1. Rematada a tempada de baño, o órgano directivo con competencia en materia de saúde pública da consellería competente en materia de sanidade, á vista dos resultados dos controis analíticos de, polo menos, dúas tempadas de baño completas, valorará a inscrición da auga de baño na Sección I do rexistro, o seu mantemento na Sección II para continuar coa súa avaliación ou a súa inscrición na Sección III correspondente ás augas con prohibición permanente de baño, neste último caso tras obter resultados analíticos que indiquen unha calidade insuficiente durante, como mínimo, dúas tempadas de baño completas.

2. As augas de baño inscritas na Sección III do rexistro poderán volver a formar parte da Sección II cando o concello onde estea situada a auga de baño afectada presente informe que xustifique a adopción de medidas destinadas á mellora da calidade da auga acompañado de resultados analíticos favorables da auga de baño. O laboratorio que realice as determinacións deberá cumprir o disposto no artigo 23.

Artigo 16. Elaboración do Censo de zonas de augas de baño

1. Antes do 20 de marzo de cada ano, o órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade elaborará o Censo de zonas de augas de baño que se corresponderá coa Sección I do Rexistro de augas de baño de Galicia, e notificará as altas e baixas que teñan lugar nesa sección a través do Sistema de Información Nacional de Augas de Baño (Náyade).

2. A inscrición dunha auga de baño na Sección I do rexistro galego terá validez indefinida sempre que se manteñan as circunstancias que motivaron a súa inscrición na devandita sección. A vixilancia e control sanitario da mesma, levarase a cabo nas tempadas posteriores sen necesidade de efectuar unha nova solicitude.

3. As xefaturas territoriais con competencia en materia de sanidade notificarán aos concellos afectados as altas e baixas no rexistro de augas de baño.

4. O órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade notificará aos organismos ambientais competentes as altas e baixas no rexistro de augas de baño.

5. O órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade fará pública mediante resolución as augas de baño que forman parte do rexistro de augas de baño de Galicia correspondentes á tempada seguinte á entrada en vigor do presente decreto.

CAPÍTULO III

Autoridades e competencias

Artigo 17. Autoridades competentes

1. A efectos do disposto neste decreto, e sen prexuízo do establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, terán a consideración de autoridade sanitaria competente no ámbito territorial de Galicia:

- a) O Consello da Xunta de Galicia .
- b) A persoa titular da consellería con competencias en sanidade.
- c) As persoas titulares dos órganos directivos con competencia en materia de saúde pública da consellería con competencias en materia de sanidade .
- d) As persoas titulares das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de sanidade no seu ámbito correspondente.
- e) O/ A alcalde/sa do concello no que estean situadas as ~~zonas~~ de augas de baño.

Artigo 18. Competencias

Sen prexuízo do establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, e na Lei 7/1985, do 2 de abril, as autoridades sanitarias relacionas no artigo anterior exercerán as seguintes competencias:

- a) O órgano directivo con competencia en materia de saúde pública da consellería

competente en materia de sanidade:

- 1º. Elaborar o listado provisional das zonas de augas de baño segundo o artigo 4. 1 do Real Decreto 1341/2007, do 11 de outubro.
- 2º. Publicar anualmente mediante resolución o censo de ~~zonas de~~ augas de baño de Galicia.
- 3º. Comunicar a resolución das solicitudes de alta e baixa no Rexistro de augas de baño de Galicia aos concellos e organismos ambientais implicados.
- 4º. Determinar e modificar a tempada oficial de baño.
- 5º. Determinar a localización dos puntos de mostraxe.
- 6º. Establecer o calendario de control das augas de baño.
- 7º. Realizar a toma de mostras para análise das augas de baño.
- 8º. Realizar as análises das mostras de augas de baño nun laboratorio que reúna os requisitos establecidos no artigo 23.
- 9º. Realizar as inspeccións das augas de baño para avaliar os posibles riscos para a saúde dos bañistas.
- 10º. Publicar os resultados dos controis analíticos dos puntos de mostraxe incluídos nas Seccións I e II do Rexistro de augas de baño de Galicia.
- 11º. Avaliar e clasificar anualmente a calidade das augas de baño das Seccións I e II do Rexistro de augas de baño de Galicia.
- 12º. Declarar as situacións de incidencia e os episodios de curta duración da calidade da auga de baño.
- 13º. Elaborar un Programa de vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia.
- 14º. Dar de alta de oficio unha auga de baño.
- 15º. O uso e actualización dos datos de calidade sanitaria de augas de baño do Sistema de Información Nacional de Augas de Baño.
- 16º. Notificar a través do Sistema de Información Nacional de Augas de Baño o Censo anual das augas de baño de Galicia.

b) A xefatura territorial da consellería competente en materia de sanidade:

- 1º. Comunicar ao órgano ambiental e ao concello cando no desenvolvemento do Programa de vixilancia se sospeiten ou detecten os supostos recollidos no artigo 9 do RD 1341/2007, do 11 de outubro, e que poderán dar lugar a que estes organismos prohiban ou recomenden absterse do baño.
- 2º. Realizar un informe no que se pronunciará sobre a inscrición no Rexistro de augas de baño e propor, de ser o caso, o punto ou os puntos de mostraxe máis representativos da auga de baño indicando as súas coordenadas.
- 3º. Instar ao concello correspondente a que realice a solicitude para a inscrición dunha auga de baño no rexistro de augas de baño de Galicia cando se detecte que esta cumpre coa definición de auga de baño e non estea incluída no rexistro.

c) O/ A alcalde/sa do concello no que estea situada cada auga de baño:

1º. Establecer as medidas oportunas para manter a salubridade da auga de baño e manter as debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade das praias controlando, durante a tempada de baño, mediante inspección visual periódica a transparencia da auga, a presenza de medusas, de residuos de alcatrán, de cristal, de plástico, de caucho, de madeira, materias flotantes, substancias tensioactivas, restos orgánicos, proliferación de macroalgas ou de fitoplacton mariño, e calquera outro residuo ou organismo que poida supoñer un risco para a saúde dos bañistas.

2º. Instalar carteis con información sobre as características da praia e as medidas de seguranza, logo do cumprimento de formalidades previstas na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e no texto refundido da Lei de augas.

3º. Vixiar os posibles puntos de vertedura xestionados polo concello, próximos á praia para que non faciliten en ningún momento que poidan ter unha incidencia sobre unha posible contaminación das augas de baño ou supoñan riscos para os usuarios que se atopen nelas.

4º. Instalar carteis nos puntos de acceso de cada auga de baño, en lugares claramente visibles con información sobre a aptitude da auga para o baño, sobre a calidade das augas de baño, prohibición expresa de bañarse ou recomendación de absterse do baño ou calquera outra que poda ser de utilidade para preservar a saúde dos bañistas, consonte os anexos III, IV e V.

5º. Prohibir o baño ou recomendar absterse do mesmo nos supostos previstos nos apartados a), b) e c) do artigo 9 do Real decreto 1341/2007, de 11 de outubro, ou a instancia da autoridade competente en materia de sanidade.

6º. Comunicar ás xefaturas territoriais da consellería competente en materia de sanidade calquera anomalía ou alteración que se produza na calidade das augas, das que teña coñecemento.

7º. Solicitar as altas e baixas das augas de baño ao Rexistro de augas de baño de Galicia.

8º. O uso e actualización dos datos de características da praia do Sistema de Información Nacional de Augas de Baño.

CAPÍTULO IV

Control da calidade sanitaria das augas de baño

Artigo 19. Tempada de baño e calendario de control

1. Con carácter xeral a tempada de baño abarcará desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro de cada ano. Nas augas de baño con acceso limitado ou con características especiais a tempada de baño poderá verse reducida.

2. Estas datas poderán ser modificadas por resolución do órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade, en base a circunstancias debidamente xustificadas.

3. O órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en

materia de sanidade establecerá o calendario de control das augas de baño para cada tempada.

Artigo 20. Programa de vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia

1. O órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade elaborará un Programa de vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia que recollerá os aspectos relativos a determinación da tempada de baño, á planificación e programación da inspección e mostraxe de augas de baño, á análise das mostras, ás actuacións ante non conformidades, aos criterios de aptitude microbiolóxica das augas, aos sistemas de información e todos aqueles aspectos do presente decreto que requiran un posterior desenvolvemento.

2. O Programa de vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia estará a disposición da poboación na páxina web da consellería competente en materia de sanidade.

Artigo 21. Laboratorios para os controis analíticos

1. Os laboratorios que controlen os parámetros do Enterococos intestinais e de *Escherichia coli* deberán contar coa acreditación para os métodos de referencia especificados no artigo 7 do citado Real decreto 1341/2007, do 11 do outubro, expedida por unha entidade oficial de acreditación, pertencente a algún dos Estados membros da Unión Europea, que garanta o cumprimento dos requisitos establecidos nas normas da serie a que pertence a UNE-EN ISO/IEC 17025, ou a que no futuro a substitúa, que sexa de aplicación, e figurarán dados de alta no Sistema de Información Nacional de Augas de Baño (Náyade).

O órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade designará mediante resolución os laboratorios para a realización dos controis analíticos de entre aqueles que contén coa dita acreditación a que se refire o parágrafo anterior. Dita resolución será publicada na páxina web da consellería competente en materia de sanidade.

2. Para a determinación de calquera outro parámetro que se considere necesario co fin de levar a cabo a vixilancia sanitaria, o órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade, poderá designar laboratorios de entre aqueles que contén coa acreditación necesaria para a realización deste tipo de controis.

Artigo 22. Aptitude das augas para o baño

A aptitude das augas para o baño virá determinada, en cada momento, polos seguintes criterios:

a) polo cumprimento dos valores paramétricos de Enterococos intestinais e de *Escherichia coli* fixados polo órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería

competente en materia de sanidade en función dos riscos para a saúde dos bañistas recollidos no Programa de vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia.

b) polo cumprimento dos criterios establecidos polo órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería con competencia en materia de sanidade no referente á proliferación de cianobacterias recollidos no Programa de vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia.

c) no seu caso, pola valoración da inspección visual sobre a transparencia da auga, a presenza de medusas, de residuos de alcatrán, de cristal, de plástico, de caucho, de madeira, materias flotantes, substancias tensioactivas, restos orgánicos, proliferación de macroalgas o de fitoplancto mariño, e calquera outro residuo ou organismo que poida supoñer un risco para a saúde dos bañistas.

Artigo 23. Prohibicións do baño ou recomendacións de absterse do baño

1. A xefatura territorial da consellería competente en materia de sanidade correspondente informará da situación da calidade das augas de baño ao órgano ambiental e aos concellos afectados nos seguintes supostos:

a) Cando teña coñecemento da presenza de contaminación microbiana ou de outros organismos, residuos ou substancias químicas, que afecten á calidade das augas de baño e entrañen un risco para a saúde dos bañistas.

b) Cando na praia ou nas augas de baño se incumpran os requisitos de calidade do Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro.

c) No suposto recollido no artigo 9.c) do Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, a autoridade sanitaria autonómica, unha vez realizada a avaliación dos riscos para a saúde, poderá instar a que o concello correspondente adopte unha medida de prohibición ou de recomendación de absterse temporalmente do baño .

2. A información debe facer referencia, como mínimo, á falta de aptitude da auga para o baño e a prohibición do baño ou á recomendación de absterse temporalmente do mesmo, indicando os motivos.

3. Os concellos poñerano, a súa vez, en coñecemento inmediato dos bañistas mediante a colocación do correspondente cartel indicador (conforme ao modelo do anexo V) e demais medios de comunicación ou información que estimen pertinentes.

Artigo 24. Avaliación da calidade e clasificación anual das augas de baño

1. Ao remate da tempada de baño, o órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade procederá a avaliación anual da calidade das augas de baño para cada un dos puntos de mostraxe das augas de baño. Dita avaliación levarase a cabo en función da serie de datos sobre a calidade das augas recopilados en relación coa tempada de baño considerada e as tres tempadas anteriores e seguindo os criterios recollidos no artigo 11 e o Anexo II do Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro.

2. En función dos resultados da avaliación establecida no apartado anterior, o órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade clasificará as augas de baño como de calidade:

- a) Insuficiente.
- b) Suficiente.
- c) Boa.
- d) Excelente.

3. A avaliación da calidade das augas de baño poderá efectuarse sobre a base dunha serie de datos sobre a calidade das augas de baño relativos a menos de catro tempadas de baño se se produciron cambios que poidan afectar á clasificación das augas de baño de conformidade co número anterior. Nese caso, a avaliación efectuarase sobre a base dunha serie de datos sobre a calidade das augas de baño que consistirá unicamente nos resultados correspondentes ás mostras recollidas desde que se produciron os citados cambios. O órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade poderá establecer as medidas pertinentes para comprobar que os cambios introducidos dan lugar a unha mellora efectiva da calidade das augas.

4. A efectos do previsto no artigo 14 do Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, o órgano directivo con competencia en saúde pública da consellería competente en materia de sanidade notificará a través do Sistema de Información Nacional de Augas de Baño (Náyade) os datos recollidos durante a tempada de baño no Rexistro de augas de Galicia, así como toda suspensión do calendario de control.

CAPÍTULO V

Información ao público

Artigo 25. Difusión da información

1. Durante a tempada de baño, os concellos colocarán nun lugar visible nas inmediacións dos distintos puntos de acceso de cada praia carteis que conteñan a información recollida no artigo 13.2 do Real decreto 1341/2007, de 11 de outubro, de acordo dos seguintes criterios:

a) A información deberá colocarse en todos os accesos principais da zona de augas de baño, e de existir, no panel destinado á información xeral da zona de augas de baño.

b) Establécese o punto de vixilancia do servizo de socorrismo como centro de información, polo que se na zona de augas de baño hai este servizo, deberá colocarse tamén neste punto.

2. A consellería competente en materia de sanidade manterá actualizada na súa páxina web a seguinte información relativa a calidade das augas de baño :

a) os resultados dos controis analíticos.

b) a prohibición ou recomendación de absterse do baño debida á contaminación microbiolóxica ou á proliferación de cianobacterias.

c) as praias con prohibición permanente do baño ou recomendación permanente de absterse do mesmo.

Artigo 26. Símbolos de información ao público

1. Os símbolos para informar ao público da clasificación das augas de baño, así como calquera outra prohibición ou recomendación que lles afecte, son os establecidos na Decisión de execución da Comisión de 27 de maio de 2011, e se recollen no anexo III (“Símbolos e información ao público sobre clasificación sanitaria das augas de baño”) e no anexo IV (“Símbolos e información ao público sobre prohibición ou recomendación de non bañarse pola contaminación de augas de baño”).

2. Para a información ao público sobre a proliferación de cianobacterias nas ~~zonas de~~ augas de baño utilizaranse os modelos de carteis recollidos no Anexo V (“ Modelo de cartel de información ao público sobre prohibición ou recomendación de abstención do baño pola proliferación de cianobacterias nas augas de baño”) .

3. Os carteis que recollan os devanditos símbolos terán unhas dimensións mínimas de 210 x 297 mm.

CAPÍTULO VI

Réxime sancionador

Artigo 27. Infraccións e sanciones

Sen prexuízo doutra normativa que puidera resultar aplicable, o incumprimento do disposto neste decreto constituirá infracción administrativa e será sancionado de acordo co previsto na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia e na lexislación básica estatal.

Disposición adicional primeira. Datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados nestes procedementos serán incluídos no Rexistro de actividades de tratamento da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, e tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de sanidade coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, nos propios formularios anexos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia nos devanditos formularios.

Aplicaranse as medidas de seguridade recollidas no anexo II do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica

2. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia, así como ao persoal sanitario cualificado para a realización da vixilancia da saúde nos centros autorizados, coa finalidade de coñecer e xestionar os datos de carácter sanitario e laboral da poboación incluída no ámbito de aplicación deste decreto detallados no artigo 3.

3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición adicional segunda. Adaptación e actualización dos modelos normalizados

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. A estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria a súa nova publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición transitoria única. Procedementos en tramitación

As augas de baño que, na data de entrada en vigor deste decreto, se atopen en avaliación inscribíranse de oficio na sección do rexistro correspondente (Seccións I e II) en base aos

resultados dos controis analíticos obtidos pola autoridade sanitaria.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual o inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto, e en particular, o Decreto 240/2000, do 13 de setembro, polo que se regula a declaración de zonas de baño habilitadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase á persoa titular da consellería con competencia en materia de sanidade para ditar, no eido das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, xx de xxxxxxx de 2019



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE DE ALTA NO REXISTRO DE AUGAS DE BAÑO DE GALICIA	SA000A	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
ENTIDADE LOCAL					NIF		
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX		CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a:	☐ Entidade solicitante ☐ Entidade representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal .	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

IDENTIFICACIÓN DA AUGA DE BAÑO		
DENOMINACIÓN DA AUGA DE BAÑO	CONCELLO	PROVINCIA
TIPO DE AUGA DE BAÑO	DE SER O CASO, NOME DO RIO OU ENCORO	
☐ MARITIMA ☐ CONTINENTAL		
XEORREFERENCIACIÓN (ETRS 89 UTM USO 29)		
Coordenadas do límite esquerdo	Coordenadas do límite dereito	
Número medio de persoas usuarias esperado na praia:		

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
☐ Plano de situación da auga de baño

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPÓÑOME Á CONSULTA	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.		
DNI/NIE da persoa representante		o
NIF da entidade solicitante		o



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto xx/2019, do xx de xxxxxx de 2019, sobre vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia.
Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre xestión da calidade das augas de baño.

SINATURA DA ENTIDADE SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

galicia



SEDE ELECTRÓNICA
<https://sede.xunta.gal>

Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de _____



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE DE BAIXA NO REXISTRO DE AUGAS DE BAÑO DE GALICIA	SA000A	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE					
ENTIDADE LOCAL					NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ
PARROQUIA			LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a:	• Persoa ou entidade solicitante / declarante / comunicante (empregar só a que corresponda) • Persoa ou entidade representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

IDENTIFICACIÓN DA AUGA DE BAÑO		
DENOMINACIÓN DA AUGA DE BAÑO	CONCELLO	PROVINCIA
TIPO DE AUGA DE BAÑO	DE SER O CASO, NOME DO RIO OU ENCORO	
☐ MARITIMA	☐ CONTINENTAL	
XEORREFERENCIACIÓN (ETRS 89 UTM USO 29)		
Coordenadas do límite esquerdo	Coordenadas do límite dereito	

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
☐ Informe que explique e documente a causa ou causas que motivaron a baixa da auga de baño do rexistro
☐ Probas gráficas, como fotografías ou outras, que apoien a xustificación dos motivos de baixa.


INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.

COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	
NIF da entidade solicitante	

LEXISLACIÓN APLICABLE
Decreto xx/2019, do xx de xxxxxx de 2019, sobre vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre xestión da calidade das augas de baño.

SINATURA DA ENTIDADE SOLICITANTE OU REPRESENTANTE					
Lugar e data					
	,		de		de

	
---	--

 **SEDE ELECTRONICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de _____	
--	--

ANEXO III

Símbolos e información ao público sobre clasificación sanitaria das augas de baño

	Augas de baño de calidade excelente - Excelente - Boa - Suficiente - Insuficiente
	Augas de baño de calidade boa - Excelente - Boa - Suficiente - Insuficiente
	Augas de baño de calidade suficiente - Excelente - Boa - Suficiente - Insuficiente
	Augas de baño de calidade insuficiente - Excelente - Boa - Suficiente - Insuficiente

Símbolos e información ao público sobre prohibición ou recomendación de non bañarse pola contaminación das augas de baño



**Prohibición
permanente
do baño**

Mais información:
<https://www.sergas.es/Saude-publica/Praias>



**Prohibido
bañarse**

Mais información:
<https://www.sergas.es/Saude-publica/Praias>

**Contaminación temporal da auga de baño con enterococos
intestinais e/ou *Escherichia coli***



**Recoméndase
non bañarse**

Mais información:
<https://www.sergas.es/Saude-publica/Praias>

Modelo de cartel de información ao público sobre prohibición ou recomendación de absterse do baño pola proliferación de cianobacterias nas augas de baño



**Recoméndase non bañarse
nin realizar actividades acuáticas**

Perigo: presenza de cianobacterias tóxicas



Neste encoro existe unha proliferación de cianobacterias, microalgas que adoitan producir efectos tóxicos

Ás veces poden recoñecerse pola cor da auga e pola presenza de natas e espumas na superficie coas que debe evitar o contacto

Estas cianobacterias poden ser tóxicas

Se por calquera motivo entra en contacto coa auga, non a trague e procure ducharse despois da inmersión par evitar que as microalgas entren en contacto coa pel.

Se aparecen síntomas despois dun contacto accidental coa auga (irritacións da pel ou dos ollos, náuseas, vómitos, diarrea, dificultade para respirar) consulte ao seu médico e comuníquello ás autoridades sanitarias

Teña especial coidado cos nenos.

Os animais domésticos, especialmente os cans, tamén están en perigo.



**PROHIBIDO O BAÑO E
REALIZAR ACTIVIDADES ACUÁTICAS**

Perigo: presenza de cianobacterias tóxicas



Neste encoro existe unha proliferación de cianobacterias, microalgas que adoitan producir efectos tóxicos

Ás veces poden recoñecerse pola cor da auga e pola presenza de natas e espumas na superficie coas que debe evitar o contacto

Estas cianobacterias poden ser tóxicas

Se por calquera motivo entra en contacto coa auga, non a trague e procure ducharse despois da inmersión par evitar que as microalgas entren en contacto coa pel.

Se aparecen síntomas despois dun contacto accidental coa auga (irritacións da pel ou dos ollos, náuseas, vómitos, diarrea, dificultade para respirar) consulte ao seu médico e comuníquello ás autoridades sanitarias

Teña especial coidado cos nenos.

Os animais domésticos, especialmente os cans, tamén están en perigo.